

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019232	IES Monte da Vila	O Grove	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	32

1. Introducción

O IES Monte da Vila é un centro público onde se imparten ensinanzas de Eso, Bacharelato, Formación Profesional Básica e Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior.

No contexto sociolingüístico pódense pór en destaque dos seguintes trazos:

a) Nos últimos 15/20 anos o retroceso do galego como lingua oral no centro é un feito incuestionábel, non só naqueles contextos máis informais (corredores, tempo de lecer...), senón tamén nas propias aulas. A situación marca un claro proceso de substitución lingüística, moi afastada da toda a retórica oficial do chamado "bilingüismo" ou "bilingüismo harmónico".

b) As actitudes negativas cara á lingua por parte do alumnado van in crescendo. En moitos casos aparecen mesturados vellos e novos prexuízos qu dificultan o uso, en calquera ámbito e contexto, do idioma.

c) O fenómeno do "castrapo", consecuencia do desequilibrio entre as linguas, é salientábel, até o punto de que para moitos alumnos e alumnas pasa a ser o seu "registro" habitual.

d) A falta de apoio institucional para impulsar medidas serias que freen a sangría de falantes, que apoiem o labor do profesorado ou que visibilicen a lingua a través dos medios de comunicación de masas é, en realidade, o obstáculo máis importante.

Dado este contexto, consideramos un obxectivo fundamental para o noso departamento didáctico o labor de desmontaxe teórica e práctica contra os prexuízos lingüísticos desde unha óptica proactiva para que o alumnado sexa quen de ver a riqueza que supón a aceptación da diversidade como un reforzamento da propia identidade. Ser competente na lingua propia significa saber utilizar esa lingua en todos os ámbitos e situacións de xeito adecuado, e iso implica, antes de máis nada, derrubar prexuízos lingüísticos.

En consecuencia, deberemos prestar unha atención especial aos contidos relacionados coa Historia da Lingua e da Sociolingüística, así como tamén incidir na expresión oral e escrita. Para isto, buscaremos unha adecuada coordinación cos outros departamentos lingüísticos na procura de estratexias que nos permitan abordar determinados contidos desde a óptica do galego como lingua minorizada no seu propio territorio; non perderemos de vista o obxectivo común que é impulsar a necesaria normalización lingüística para vencer as dificultades de menor presenza e repercusión social do galego, motivadas en moitos casos por eses prexuízos que, como docentes de linguas, nun mundo multicultural e plurilingüe, temos a obriga de desmontar e derrubar.

As nosas decisións programáticas obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego. Neste sentido, a materia de Lingua galega e literatura en 2º de Eso continúa a liña do curso anterior. Preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos deste nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques:

En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado e incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios.

O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatória e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Diversas e capaces	Lerás un fragmento de Lúa nova, unha historia de superación inspirada nunha rapaza coruñesa invidente. Coñecerás vocabulario sobre os sentidos e as sensacións e aprenderás a definir substantivos. Repasarás os textos e as distintas tipoloxías textuais. Practicarás a exposición oral a partir da lectura trimestral. Repasaremos a sílaba e reflexionaremos sobre a diversidade lingüística. Coñecerás as diferenzas entre a literatura oral e a escrita.	10	12	X		
2	Por un mundo máis xusto	A lectura inicial achéganos á dura realidade das clases humildes na India. Repasaremos a adecuación e a coherencia. Ampliarás vocabulario sobre a escola e aprenderás a definir adxectivos. Practicarás a exposición oral a partir da lectura trimestral. Repasaremos aspectos gramaticais relacionados coa estrutura da palabra e tamén a acentuación. Falaremos das linguas peninsulares e saberás trazos básicos do éuscaro e do catalán. Por último, toca ver os tres grandes xéneros literarios.	10	12	X		
3	Saúde: Un dereito universal	Comezamos pola lectura inicial para nos mergullar no mundo científico. Estudaremos a cohesión e ampliarás vocabulario sobre a saúde e saber definir verbos. Practicarás a exposición oral a partir da lectura trimestral. Repasarás o xénero e o número de substantivos e o acento diacrítico. Comprobarás a semellanza de galego e portugués na actualidade. Coñecerás o xénero dramático e os seus trazos xerais.	15	14	X		
4	María Casares	A lectura sobre María Casares permitirache reflexionar a respecto da dificultade do exilio. Ampliarás o teu vocabulario das viaxes e coñecerás distintos tipos de textos narrativos. Practicarás a exposición oral a partir da lectura trimestral. Repasarás a flexión e gradación do adxectivo. No apartado de literatura achegarémonos aos contos.	10	12		X	
5	Natureza grandiosa	O texto de inicio fálanos da herdanza xeolóxica. Tamén ampliarás vocabulario sobre árbores e plantas. Repasaremos os textos expositivos. Practicarás a exposición oral a partir da lectura trimestral. Lembrarás aspectos importantes dos pronomes persoais evitando os	10	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Natureza grandiosa	castelanismos. Repasarás o uso das maiúsculas e minúsculas. No apartado de literatura prestaremos atención á diversidade temática das novelas.	10	12		X	
6	Cero plásticos	A lectura será un fragmento dunha guía con información da relación entre plásticos e océanos. Ampliarás vocabulario sobre a paisaxe e repasarás a polisemia. Coñecerás textos argumentativos e participarás en debates de aula. Repasaremos o verbo e os prexuízos, vellos e novos, que impiden aínda o pleno uso social da nosa lingua. Traballarás a poesía lírica e os acrósticos.	15	13		X	
7	En acción polo clima	No texto inicial mergullámonos no cambio climático e as súas consecuencias. Ampliarás vocabulario sobre o tempo meteorolóxico. Coñecerás o texto xornalístico e os seus xéneros. Practicarás a exposición oral a partir da lectura trimestral. Repasarás o emprego de B/V e os conceptos de normalización e normativización. Faremos unha incursión pola linguaxe poética.	10	10			X
8	En rede	Estás seguro/a na rede? Disto vai o texto inicial da unidade. Ampliarás vocabulario sobre Internet e coñecerás algunhas siglas e acrónimos. Practicarás a exposición oral a partir da lectura trimestral. Prestarás atención ou uso da lingua repasando os niveis e os rexistros. Repasaremos algunhas cantigas populares.	10	10			X
9	Cantar e celebrar	Utilizaremos unha canción para reflexionar sobre algunhas prácticas machistas e discriminatorias. Coñecerás artistas galegos e grupos do panorama musical galego. Practicarás a exposición oral a partir da lectura trimestral. Estudarás as variedades xeográficas a comezar pola comarca do Salnés. Remataremos o curso vendo relacións entre literatura e outras artes: pintura, música, cinema...	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Diversas e capaces	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece as semellanzas e diferenzas máis salientables entre os sistemas ortográficos (grafemas e dígrafos) do galego e o do portugués.	PE	70
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p. ex. web do centro) e explica a interacción entre os diferentes códigos.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analiza algúns dos elementos constitutivos dunha composición sinxela do poemario de lectura obrigatoria do primeiro trimestre (métrica, rima etc.).		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado recoñece algúns subxéneros poéticos sinxelos a partir da análise das relacións internas dos elementos constitutivos co sentido dunha obra (canción, sátira...).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado distingue a categoría gramatical e o significado de parellas de palabras que se diferencian polo timbre aberto ou pechado da vogal tónica e sabe empregar correctamente o acento diacrítico.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado relata brevemente a experiencia escolar vivida o curso anterior (aspectos positivos e negativos), axustándose ás convencións das secuencias narrativas, expresándose con fluidez, no rexistro adecuado, empregando recursos como a deixé e usando con coherencia os tempos verbais.	TI	30
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado acode á biblioteca escolar e participa activamente nunha charla co/a autor/a do poemario de lectura obrigatoria. Tamén é quen de expresar a súa opinión sobre algún poema escollido por el ou ela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados ao circuío literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
2	Por un mundo máis xusto	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece algúns aspectos socioculturais básicos relacionados cos países lusófonos, tanto de Portugal como doutros países como O Brasil (sistemas políticos, manifestacións artísticas, figuras representativas da literatura, música...).	PE	80
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p.ex. un roteiro do seu concello) e explica a interacción entre os diferentes códigos.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado emprega correctamente os signos de puntuación, con especial atención ao punto e coma e á paréntese, no texto descritivo redactado.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante dunha poesía dada do poemario de lectura obrigatoria do primeiro trimestre.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado reconece e valora algúns recursos expresivos e/ou figuras estilísticas presentes nun poema da obra de lectura obrigatoria do primeiro trimestre.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado identifica, en textos dados, distintos tipos de adverbios (lugar, tempo, modo, cantidade, afirmación, negación e dúbida). Tamén sabe reconecer as interxeccións.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado describe unha persoa coñecida (deportista, cantante, actor/actriz...). Alén das súas características físicas, tamén debe reflectir algún trazo do seu carácter e/ou da súa personalidade.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.

UD	Título da UD	Duración
3	Saúde: Un dereito universal	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado elabora un glosario multilingüe que contén expresións e léxico cotián básico (en galego, portugués, castelán, éuscaro, catalán e inglés) e, de ser o caso, tamén nas linguas das/os estudantes de orixe estranxeira (chinés, árabe, ruso...).	TI	100
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado recoñece fórmulas de saúdo, despedida, agradecemento, desculpa e léxico cotián básico en lingua de signos. Estas expresións signadas incorpóranse ao glosario multilingüe a través de códigos QR.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, dentro da actividade de intercambio virtual cun centro catalán, grava, en grupos, unha exposición oral sobre temas do seu interese relacionados con Galicia (música, deporte,...). Debe utilizar o rexistro adecuado, axustarse ao tempo establecido e ás convencións textuais.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado escolle e recita un poema no que haxa referencias a elementos da natureza e fai unha fotomontaxe con imaxes paisaxísticas da súa contorna. O produto final é remitido, en formato dixital, ao alumnado do centro catalán.		
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	O alumnado elabora, en grupos de 5-6 estudantes, un pequeno traballo sobre a poesía contemporánea en portugués, éuscaro e catalán e inclúe unha breve antoloxía de poemas nestas linguas. Debe seleccionar a información máis relevante e indicar correctamente as fontes consultadas.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado realiza procuras en manuais e dicionarios da Rede, atendendo a criterios de validez e fiabilidade. Tamén usa correctores ortográficos, procesadores de texto e programas de presentación para mellorar os seus traballos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Aproximación ás linguas de signos, con especial atención á variante galega. - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación ao coñecemento das características máis básicas das linguas éuscara e catalá. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
4	María Casares	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado recoñece, en textos dados, as características formais e a estrutura de textos propios do ámbito académico (apuntamentos).	PE	75
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, comprende o sentido global, selecciona a información máis relevante e valora a estrutura e os procedementos comunicativos empregados nun texto expositivo sobre o Día Escolar da Non Violencia e a Paz.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica as características da novela a partir da análise das relacións internas dos elementos constitutivos co sentido da obra narrativa de lectura obrigatoria do 2º trimestre. Tamén coñece algúns trazos básicos doutros subxéneros literarios narrativos (conto, fábula, lenda...) .		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado clasifica as oracións segundo a voz e diferencia entre activas e pasivas. Tamén sabe recoñecer a estrutura das oracións pasivas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Formular xeneralización sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado analiza as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos e guiado polo seu profesor, participa activamente na preparación da entrevista co Valedor do Pobo (ou persoa na que delegue) programada no apartado de actividades complementarias.	TI	25
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	A partir da lectura do texto anterior, o alumnado elabora un mapa conceptual sobre o Día Escolar da Non Violencia e a Paz que se conmemora o 30 de xaneiro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do

Contidos
- propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
5	Natureza grandiosa	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado reconece, en textos dados, as características formais e a estrutura de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación, tanto analóxicos como dixitais (entrevista).	PE	45
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado sabe identificar e establecer relacións semánticas entre palabras: sinonimia, antonimia, homonimia e polisemia.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado sabe clasificar as oracións activas en copulativas (ou atributivas) e predicativas e estas, en persoais e impersoais.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, logo de escoitar varias entrevistas sobre un tema relacionado co coidado do medio, participa activamente nun debate sobre as opinións reflectidas. Cada alumna/o debe respectar a quenda de palabra e manter unha actitude de cortesía lingüística e cooperación conversacional.	TI	55
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado, logo de participar no debate e de documentarse sobre o tema tratado, escribe un comentario (para unha rede social ou un blog do centro), no que reflexiona brevemente sobre os contidos debatidos.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado coñece as normas de etiqueta dixital e reflicte as que considera máis importantes nun decálogo en formato electrónico que se difundirá na páxina web do centro.		
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado, por parellas, a modo de booktubers, grava un vídeo no que cadaquén dialoga e expresa a súa opinión sobre a obra de lectura obrigatoria do 2º trimestre.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados ao circuíto literario e lector. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
6	Cero plásticos	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado participa activamente no obradoiro de banda deseñada e sabe identificar as súas características formais e os seus principais elementos constitutivos.	TI	100
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende o sentido global dun cómic proporcionado polo/a ilustrador/a que imparte o obradoiro e recoñece algúns dos recursos expresivos máis significativos do dito texto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, en grupos de tres ou catro estudantes, selecciona información para realizar un traballo sobre o cómic en galego (orixes, evolución, temáticas, autoras e autores destacados...). Respéctanse os principios de propiedade intelectual e indícanse correctamente as fontes consultadas.		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado, logo de visitar a biblioteca escolar, elixe un cómic e explícalles ás compañeiras e compañeiros o motivo da súa escolla; tamén pode expresarllas a súa opinión sobre algún lido con anterioridade.		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado, por parellas, crea unha páxina dun cómic colectivo inspirado no libro de lectura obrigatoria do 2º trimestre.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, logo de localizar e contrastar a información pertinente e de rematar a fase de creación, grava un breve vídeo explicativo sobre o proceso.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar os traballos incluídos no proxecto coa axuda do profesorado, é capaz de recoñecer e emendar os erros formais e de contido detectados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

Contidos
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
7	En acción polo clima	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado sabe detectar, a través de textos dados, as principais propiedades dun texto: coherencia, cohesión e adecuación.	PE	85
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado, logo de representar, en grupos, unha escena representativa da peza teatral de lectura obrigatoria, establece vínculos entre esta e aspectos da actualidade (igualdade de xénero, micromachismos, linguaxe discriminatoria etc.).		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analiza a forma e o contido da obra teatral de lectura obrigatoria do 3º trimestre dende unha perspectiva de xénero e valora os procedementos comunicativos empregados.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica as características básicas dalgúns subxéneros do xénero dramático (traxedia, comedia, drama, obra didáctica...)		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado relaciona e compara a obra teatral de lectura obrigatoria con outros textos e con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes (cine, música, banda deseñada...).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado é quen de identificar, en oracións simples, as funcións de complemento axente, atributo e complemento predicativo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado reconece os principais trazos fonéticos e morfolóxicos do bloque e área lingüística na que se insire a súa contorna e valora estes fenómenos como mostra da riqueza dialectal do galego.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Introducción á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura con perspectiva de xénero. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.

UD	Título da UD	Duración
8	En rede	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado identifica a estrutura e os elementos propios dun boletín informativo e coñece as características formais dos textos que se van incluír na súa publicación (noticias, entrevistas e crónicas).	TI	100
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado planifica e organiza a forma e o contido do boletín informativo a través de notas, esquemas, resumos etc.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado sabe empregar nos textos redactados algúns mecanismos de cohesión (conectores textuais temporais e explicativos); mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos e hiperónimos).		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos, colabora activamente na elaboración dun boletín informativo con boa actitude e respectando as normas de cortesía conversacional.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planifica e colabora na redacción dun boletín informativo ben estruturado, empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros salientables.		
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar os textos incluídos no boletín informativo coa axuda do profesorado, é quen de recoñecer e emendar os erros formais e de contido detectados.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado sabe utilizar dicionarios e manuais de consulta para enriquecer o seu traballo cun léxico máis variado e preciso, e con estruturas morfosintácticas características do galego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hipe-rónimos e elipses). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
9	Cantar e celebrar	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global de textos de distintos ámbitos.	PE	35
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza narracións e exposicións orais axustándose ás indicacións ofrecidas pola persoa docente.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado elabora textos escritos atendendo o propósito comunicativo, con coherencia, cohesión e rexistro adecuado.		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea textos con certa intención literaria en diferentes soportes a partir de obras ou fragmentos significativos dos diversos xéneros e estilos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica e rexeita prexuízos lingüísticos ao tempo que fai uso da riqueza cultural.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado utiliza tipoloxía textual adecuada aos procedementos comunicativos.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente en interaccións orais na aula, no traballo en grupo ou en actividades de centro con actitude de escoita activa e respectando as normas conversacionais.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a forma e o contido de textos lidos na aula ou realizados da súa propia man atendendo aos procedementos comunicativos.		
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os seus textos de maneira crítica, identificando os posibles erros e propoñendo solucións axeitadas.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global da lectura de inicio da unidade, ou outros textos, realizando as inferencias necesarias.	TI	65
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza, selecciona e contrasta información de diferentes fontes en función dos obxectivos da tarefa.		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado establece vínculos coherentes entre diferentes textos, escritos e orais, valorando o tema, linguaxe e valores éticos e estéticos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado enriquece os textos con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza, selecciona e contrasta información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Introducción á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hipe-rónimos e elipses). - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados ao circuíto literario e lector. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos artísticos. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar cada unidade trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan.

De calquera xeito, é preferíbel aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística asignificativa.

Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co docente. É moi relevante para o profesor a premisa de ensinar a aprender segundo a cal, a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso lle corresponde ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse.

A metodoloxía tratará de ser o máis activa posíbel e alternará traballos individuais con traballos colaborativos que

melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais.

Alén do expresado anteriormente sobre os aspectos metodolóxicos, cómpre salientar que as liñas de actuación versarán sobre:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo grupal.
- A realización de tarefas significativas para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade.
- O desenvolvemento dos contidos gradual e progresivo, de maneira que, ademais de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
- O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente a Biblioteca.
- A potenciación do tratamento integrado de linguas (TIL), que se reflectirá na incorporación de nocións básicas dalgunhas linguas da Península Ibérica, especialmente da portuguesa.
- A presentación de recursos dixitais en lingua galega que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre con respecto aos dereitos de propiedade intelectual. Ademais de consultar datos e de ampliar contidos, o alumnado debe familiarizarse co uso de dicionarios ou manuais de estilo que lle axuden a mellorar a redacción dos seus escritos.
- A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas, co fin de que o alumnado adquira as habilidades necesarias para expresarse correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).
- A promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.
- A erradicación dos prexuízos lingüísticos derivados da situación sociolingüística de Galiza, particularmente os que teñen que ver cos usos diglósicos do galego en determinados ámbitos.
- A detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión e se favoreza a análise crítica dos conflitos, tanto no centro educativo coma noutros ámbitos.
- A proposta de obras e fragmentos de textos, literarios ou non, atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia cultural e lingüística como galegas e galegos. Tamén se deben abordar lecturas desde unha perspectiva de xénero. As charlas con escritoras e escritores, os clubs de lectura ou os obradoiros literarios resultarán unha boa ferramenta para afondar nestes contidos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Neste curso 2023-24 o alumnado traballará co libro de texto da editorial ANAYA: 2º ESO Celia Díaz Núñez, Miriam González Iglesias: Lingua galega e literatura. "Operación mundo". ANAYA. .

Por outro lado, será necesario un caderno dedicado exclusivamente á materia, que se revisará ao longo de cada trimestre.

O alumnado estará matriculado na Aula virtual e esta será de uso obrigatorio. Nela aparecerán, se for o caso, materiais complementarios, enlaces a diferente material lingüístico e literario, recados e calquera outro tipo de información académica de interese.

No noso centro as aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc.

En resumo, dispoñemos de:

- Medios audiovisuais: computadores, pantallas dixitais e canón.
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua, blogs, aplicacións etc.
- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

Alén dos materiais citados tamén se recomentan outros recursos en formato dixital (a xeito de exemplo):

- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>
 - Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do>
 - Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
 - Dicionario visual interactivo: www.edu.xunta.es/contidos/diccionariovisual/diccionario.html
 - O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>
 - Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursosvolg>
 - cotovía.org: <http://cotovia.org/proxecto/>
 - ogalego.eu: <https://www.ogalego.eu/>
- Outros materiais: uso de fotocopias, manexo de ferramentas TIC, acceso a páxinas web recomendadas polo profesorado, a Biblioteca, a Aula virtual do centro...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso realizaranse unha serie de actividades de diferente tipoloxía co obxectivo de recoller información de cara á avaliación inicial e así observar o grao de desenvolvemento das competencias clave. Neste sentido, interesa máis unha avaliación cualitativa que cuantitativa, botando man tamén dos informes individualizados de cursos anteriores. O guión de traballo de aula podería axustarse ao que segue:

1. CUESTIONARIO

2. AVALIACIÓN DE CONTIDOS:

Cuestións sinxelas sobre contidos específicos da materia.

3. AVALIACIÓN DA COMPETENCIA COMUNICATIVA (comprensión e expresión oral):

- a) Proxección vídeo/filme. Recollida notas/apuntamentos. Explicación oral do recollido.
- b) Lectura en voz alta do primeiro texto do curso. Explicación oral do entendido na lectura.
- c) Respostas breves a un cuestionario sobre o vídeo/filme.

4. AVALIACIÓN DA COMPETENCIA COMUNICATIVA (comprensión e expresión escrita):

- a) Elaboración do argumento do vídeo/filme.
- b) Elaboración dun esquema da lectura.
- c) Respostas breves a un cuestionario sobre a lectura.

De maneira sintética parécenos interesante adicar as primeiras semanas do curso para:

- Observar a lectura en voz alta na aula.
- Interaccionar co alumnado con preguntas orais.
- Traballar con tipoloxías diferentes de textos escritos.
- Practicar a redacción, o ditado e o resumo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	10	10	15	10	10	10	100
Proba escrita	70	80	0	75	45	0	85	0	35	39
Táboa de indicadores	30	20	100	25	55	100	15	100	65	61

Criterios de cualificación:

Informarase ao alumnado e ás familias do sistema de cualificación, que fica da seguinte maneira:

- a) Dous exames por avaliación suporán 50% (até 5 punto)
- b) As actividades de comprensión oral e escrita serán 20% (até 2 puntos)
- c) As actividades de expresión oral e escrita outro 20% (até 2 puntos)
- d) O traballo diario de aula (caderno) contará 10% (até 1 punto).

A cualificación trimestral será a suma do acadado en cadanseu apartado. O criterio de redondeo será o que segue: se o primeiro decimal é 5 ou inferior, farase á baixa (4'5 ficará en 4; 7'5 en 7); pola contra, se é superior a 5, o redondeo será á alza (4'6 pasará a 5; 7'7 a 8).

Para o cálculo da cualificación final de xuño, farase a media aritmética dos tres trimestres (tendo en conta, se for o caso, as recuperacións). Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de 5 puntos ou superior.

O alumnado desenvolverá todas as probas escritas e orais en lingua galega, requisito indispensable para a súa corrección.

No caso das probas de avaliación escritas ou das intervencións e exposicións orais, poderase aplicar unha penalización de nota por deficiencias lingüísticas que no caso de 2º ESO non superará os 2 puntos de rebaixa. Penalizarase o uso de castelanismos, a inadecuación do rexistro lingüístico, a pobreza lexical e as faltas de ortografía e o deficiente uso dos códigos non verbais.

No Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, no artigo 12 establécese : "Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte de alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte do alumnado no desenvolvemento diario das aulas e de calquera tipo de tarefa ou actividade, escrita ou oral, provocará un suspenso na materia entanto que demostra falta de coñecemento específico da lingua e imposibilita a adquisición de competencias na materia.

A valoración da lectura comprensiva e reflexiva das obras de lectura obrigatoria levarase a cabo a través, fundamentalmente, de exposicións e preguntas orais, cuestionarios, fichas de lectura, resumos, actividades de creación...

Criterios de recuperación:

Dado o seu carácter continuado e progresivo, esta materia non se recuperará trimestralmente.

No mes de xuño o alumnado con unha ou dúas avaliacións non superadas poderá recuperalas mediante a realización de probas escritas e/ou orais, fichas de traballo, cuestionarios, actividades e exercicios de comprensión oral/escrita, lectura de libros, etc.

No caso de non ter superada ningunha avaliación, o alumnado fará unha recuperación global tamén no mes de xuño.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 7.7. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galiza establece que: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableceza o calendario escolar para cada curso».

En primeiro lugar, seguirase o disposto no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galiza en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que alude ao Plan de reforzo para as alumnas e alumnos que pasen de curso con materias sen superar:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno.
3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:
 - a) Identificación da alumna ou do alumno.
 - b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar. A alumna ou alumno e os seus familiares ou titores legais serán informados polo profesor da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos

requisitos necesarios para aprobar a materia pendente.

c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación. Serán os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, que serán distintas ás empregadas habitualmente co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer uns mecanismos de seguimento máis rixidos para que a/o alumna/o siga implicada/o na materia.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento: computadores portátiles, libros de consulta, dicionarios dixitais ou en papel. Así mesmo, empregaranse outros medios dixitais como a aula virtual, ABALAR e/ou Edixgal.

f) Tarefas para desenvolver, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a súa preparación as actividades propostas de cada unidade, que deberá entregar ao profesor/a do curso en que se ache actualmente para seren corrixidas e, ao mesmo tempo, para poder consultar e resolver dúbidas.

g) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumnado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións virtuais ou presenciais. Poderanse utilizar medios telemáticos (aula virtual, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais).

4. Procedementos de recuperación para o alumnado coa materia pendente.

a- Ao longo do curso seguindo o plan de recuperación coa realización de diferentes actividades e exercicios, controis, etc, baixo a supervisión da persoa docente que lle imparte aulas.

b- Coa realización da proba oficial, se así for indicado pola Inspección educativa, e comunicado pola xefatura de estudos.

c- Coa superación da materia no curso superior. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan.

Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación. Para a avaliación deste alumnado débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes deberá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Aquelas actividades que non sexan susceptíbeis da súa repetición (presentacións, traballos colectivos etc.) serán adaptadas e avaliadas de modo que se poida comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado.

Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posíbel das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

A partir da avaliación inicial do alumnado, propóranse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso. Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

En relación ao alumnado diagnosticado TDAH debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, se for posíbel, na que coincida con alumnado con problemáticas semellantes. Estará sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras e compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Contará cunha axenda que o axudará na súa organización. Evitarase a proximidade a portas, xanelas, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como estímulos sonoros ou visuais.

Implementaranse outras medidas como:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, explicárase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurárase de que a entendeu todo o alumnado.
- Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
- Supervisar frecuentemente a realización das actividades, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- Propor exercicios variados.
- Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira para que o axude a comprender e a realizar as tarefas.
- Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos de fichas etc.)

En canto ás tarefas ou deberes que se lle proporán terase presente o seguinte:

- Reducir e fragmentar as actividades.
- Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Non sobrecargar de tarefas para a casa, cómpre que o profesorado do curso se coordine e seleccione aquelas que se consideren máis importantes.

En canto ás probas escritas e, co fin de as mellorar, será necesario:

- Fixar as datas dos exames con suficiente antelación.
- Traballar con mostras de formato de exames. Serve de gran axuda para todos poder adestrarse con exercicios e formatos tipos do que van atopar no día sinalado.
- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
- Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. En ningún caso se formularán preguntas que poidan resultar ambiguas ou que teñan unha dobre interpretación.
- Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.
- Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
- Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oralmente ou utilizando o computador).
- Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos, inclusive dividilos en dúas sesións, ser flexíbeis na súa duración.
- Presentar escrito o texto dos exames, salientando en letra negra as partes máis importante de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa. Na medida do posíbel, utilizar un tipo de letra de maior tamaño.
- Deixar suficiente espazo entre as preguntas (dobre espazo e, preferiblemente, un exercicio por páxina), e supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame.
- Posibilitar que o alumno poida recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.
- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
- Supervisar que a/o aluma/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comunicación audiovisual		X	X			X		
ET.2 - Competencia dixital			X	X	X	X		X
ET.3 - Emprendemento social e empresarial								X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico				X			X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X			X				
ET.6 - Igualdade de xénero					X			
ET.7 - Creatividade	X	X				X	X	

	UD 9
ET.1 - Comunicación audiovisual	
ET.2 - Competencia dixital	
ET.3 - Emprendemento social e empresarial	
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	
ET.5 - Educación emocional e en valores	
ET.6 - Igualdade de xénero	
ET.7 - Creatividade	

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 2º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua galega e literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Microrrelatos e Magosto	Participación no concurso de microrrelatos do centro e na celebración do magosto.	X		
Festival Montenegro de Arte e Novela negra	Ao longo do curso procurarase manter charlas con autores ou autoras presentes no festival Montenegro de Arte e Novela negra.		X	
Roteiros literarios	Procurarase levar a cabo algún roteiro literario vinculado a algún autor ou autora da comarca ou relevante na literatura galega.			X

Observacións:

Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro.

O número de actividades complementarias programadas non excederá das cinco en todo o curso, unha ou dúas por trimestre. As que se desenvolven fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou das/os titoras/es legais e deberán figurar na PXA do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
6. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos.
8. Mantívose a coherencia entre obxectivos, criterios de avaliación, contidos e os mínimos de consecución.
9. Utilizáronse procedementos, criterios e instrumentos de avaliación adecuados.
13. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, valorando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mel

Metodoloxía empregada
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas, tanto culturais como de procedencia.
10. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
12. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
14. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado.
5. Procurouse a actualización profesional, tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
7. Axustáronse as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa secuenciación.
Medidas de atención á diversidade
11. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzo
Clima de traballo na aula
4. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
15. Mantívoase contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das fillas ou

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: ao referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoráranse nunha escala de 0 a 5, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso pasado.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución

- Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias
- Relación de unidades didácticas, coa súa secuenciación e temporalización, que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos
- A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación dos mínimos de consecución para superar a materia
- Medidas de atención á diversidade
- A concreción dos elementos transversais
- As actividades complementarias
- A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

- A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
- O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
- Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
- Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
- En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.
- Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación establecidos ao longo do curso foron os axeitados.
- Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
- Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
- Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.
- Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.
- Partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (segundo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recollenanse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados